

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 11 DE DECEMBRO DE 2020

Ás 10:15 horas do día 11 de decembro de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 7 de decembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D. Javier Pardo Espiñeira, presidente suplente (asiste a todos os puntos agás o 11d)
D^a. Patricia Rodríguez Calviño (asiste ao punto 11d)

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. Carla Candia Paz, xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (asiste ao punto 11d)
D. Gilberto Moldes Crespo, xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns (asiste ao punto 11a)
D. José Ángel Hermida Fernández, xefe do Servizo de Comercio (asiste ao punto 11c)
D^a. Luz María González Domínguez, instrutora do expediente (decreto 17/102020) (asiste ao punto 11b)
D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste ao punto 14)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

11.- Propostas de adxudicación**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, e fontes ornamentais das zonas verdes da Cidade de Vigo (12.887-446)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación comunica que con data do 9 de decembro de 2020 o Tribunal Administrativo de Contratación da Comunidade Autónoma de Galicia deu traslado da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 12:03	Páxina 1 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A243-C7A7ED-E13342-7HU88K-4LB6X3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

resolución nº 207/2020 do mesmo día pola que se desestima o recurso interposto por EULEN S.A. contra o acordo de exclusión e se levanta a suspensión do procedemento.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, e fontes ornamentais das zonas verdes da Cidade de Vigo (12.887-446)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 14 de maio de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Acordar que procede a tramitación deste expediente ao resultarlle de aplicación a disposición adicional oitava do Real Decreto-lei 17/2020, do 5 de maio polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-2019, ao tramitarse por medios electrónicos.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto suxeito á regulación harmonizada, regulado nos artigos 156 e 131.2 da LCSP 2017 do contrato de servizo de CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DAS ZONAS DE XOGOS, ÁREAS BIOSAUDABLES, ESPAZOS RECREATIVOS DE AUGA, MOBILIARIO URBANO E FONTES ORNAMENTAIS DAS ZONAS VERDES DA CIDADE DE VIGO, que inclúe o prego de prescricións técnicas particulares asinado na data 13 de maio de 2020 e, o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 13 de maio de 2020.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto de 5.048.997,36 €, que inclúe un IVE de 876.272,27 €, o cal se imputará á partida 1710.2279901 "MANTEMENTO XARDÍNS, P. INFANTÍS, BIOSAUDABLES, CASTRO, FONTES", que se distribuirá en cinco anualidades, tal e como se desglosa a continuación:

ANUALIDADE	IMPORTE ANUAL
------------	---------------



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 12:03	Páxina 2 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A243-C7A7ED-E13342-7HU88K-4LB6X3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



2020	121.925,53 €
2021	893.047,58 €
2022	1.106.179,60 €
2023	1.118.305,89 €
2024	1.130.614,07 €
2025	854.961,50 €
TOTAL:	5.225.034,17 €

CUARTO.- *Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista*”.

Segundo.- Na sesión do 12 de xuño de 2020, a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

"PRIMEIRO.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas polo delegado de persoal de Ferrovial Servicios, S.A. conforme o sinalado no informe xeral do Servizos de Montes, parques e Xardíns.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares coas correccións correspondentes asinado na data 10 de xuño 2020, a memoria xustificativa de contratación asinada en data 10 de xuño de 2020 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 10 de xuño de 2020.

TERCEIRO.- Iniciar un novo prazo de presentación de ofertas de 15 días de duración a contar desde o día seguinte á aprobación deste acordo”.

Terceiro.- O 26 de xuño de 2020, D. Xosé Lois Román Rodríguez, en escrito presentado no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, interpuxo recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal administrativo de contratación pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) (recurso nº 96/2020).

Cuarto.- Con data do 20 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

"Tomar razón da resolución nº 99/2020 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 96/2020, interposto por D. XOSÉ LOIS ROMÁN RODRÍGUEZ, contra os pregos da contratación dos servizos de mantemento e conservación das infraestruturas públicas existentes no ámbito das zonas verdes, identificadas como mobiliario urbano, fontes ornamentais, áreas de xogos, áreas biosaudables, así como as zonas recreativas de auga da zona verde de Samil, vinculadas a "Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas especiais", expediente 12887-446. Na resolución o TACGAL inadmite o recurso.



Transcríbese a continuación o acordo:

"1. Inadmitir o recurso interposto por D. XOSÉ LOIS ROMÁN RODRÍGUEZ, co carácter de delegado de persoal, contra os pregos da contratación dos servizos de mantemento e conservación das infraestruturas públicas existentes no ámbito das zonas verdes, identificadas como mobiliario urbano, fontes ornamentais, áreas de xogos, áreas biosaudables, así como as zonas recreativas de auga da zona verde de Samil, vinculadas a "Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas especiais", expediente 12887-446 licitado polo Concello de Vigo.

2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP".

Quinto.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 19 de outubro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a EULEN, S.A. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte ao informe asinado polo enxeñeiro industrial do Programa de análise, avaliación do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, a adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o xefe da Área de Servizos Xerais o 9 de outubro de 2020.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, e fontes ornamentais das zonas verdes da Cidade de Vigo (12.887-446) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	FERROVIAL SERVICIOS, S.A.U.	94,30

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FERROVIAL SERVICIOS, S.A.U. (A-80.241.789), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Sexto.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, FERROVIAL SERVICIOS, S.A.U., o día 19 de outubro de 2020, que presenta a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 12:03	Páxina 4 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A243-C7A7ED-E13342-7HU88K-4LB6X3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



documentación requirida o 26 de outubro, dentro do prazo concedido.

Sétimo.- A Mesa de Contratación na sesión do 30 de outubro de 2020 revisou a documentación presentada, e acordou, ao abeiro do previsto no artigo 140.4 da LCSP, conceder un prazo de cinco días a FERROVIAL SERVICIOS, S.A.U. para que puidese acreditar estar ao corrente nas súas obrigas con Concello de Vigo. Incorporouse ao expediente con data do 11 de novembro de 2020 certificado positivo da Tesourería municipal.

Oitavo.- Con data do 6 de novembro de 2020, D^a. Ana Muñoz Rubio, en nome e representación de EULEN, S.A, interpuxo interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal administrativo de contratación pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), contra a súa exclusión do procedemento.

A Mesa de Contratación na sesión do 11 de novembro de 2020 tomou razón da interposición do citado recurso. Así mesmo, comprobou que a documentación presentada por FERROVIAL SERVICIOS, S.A.U. é correcta e, á vista do recurso presentado por EULEN, S.A. acordou, por unanimidade, non formular proposta de adxudicación ata a resolución do recurso polo Tribunal Administrativo de Contratación da Comunidade Autónoma de Galicia.

Noveno.- Con data do 9 de decembro de 2020 o Tribunal Administrativo de Contratación da Comunidade Autónoma de Galicia comunica a resolución nº 207/2020 do mesmo día pola que se desestima o recurso interposto por EULEN S.A. contra o acordo de exclusión e se levanta a suspensión do procedemento.

Décimo.- A Mesa de Contratación na sesión do 11 de decembro de 2020 acordou, por unanimidade dos membros presentes e á vista da citada resolución do Tribunal Administrativo de Contratación da Comunidade Autónoma de Galicia, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar FERROVIAL SERVICIOS, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 12:03	Páxina 5 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A243-C7A7ED-E13342-7HU88K-4LB6X3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por FERROVIAL SERVICIOS, S.A.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 18 de agosto de 2020 e 9 de outubro de 2020, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da exclusión de EULEN, S.A., adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 19 de outubro de 2020, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificadas.*
2. *Adxudicar a FERROVIAL SERVICIOS, S.A.U. (A-80.241.789) o procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, e fontes ornamentais das zonas verdes da Cidade de Vigo (12.887-446) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 5.068.283,15 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 879.619,39 euros.*
 - b) *Propón un incremento do número de horas aportadas a maiores das esixidas na bolsa de horas para traballos extraordinarios de 300 horas anuais.*
 - c) *Propón un incremento do importe económico destinado a maquinaria para traballos extraordinarios de 800 euros anuais.*
 - d) *Propón un incremento da porcentaxe destinada aos programas de comunicación para fomentar o uso responsable dos espazos obxecto do contrato de 0,3%.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".



b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e produción das carrozas escenario municipais para a Cabalgata de Reis 2021 (8.625-335)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e produción das carrozas escenario municipais para a Cabalgata de Reis 2021 (8.625-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 19 de novembro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo contratación do deseño e produción das cinco carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2021 (expediente nº 8625-335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 19 de novembro de 2020 asinado pola instrutora do expediente (decreto 17/11/20) o prego de prescricións administrativas particulares de data 19 de novembro de 2020, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Segundo .- Autorizar un gasto de 65.041,00 euros, que podería imputarse á aplicación 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio 2020 por importe de 45.528,70 € (70% do importe do prezo de contrato; e con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de 2021 por importe de 19.512,30 € (30% do importe do prezo de contrato).

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Cuarto.- Solicitar a declaración de urxencia do expediente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 4 de decembro de 2020 adoptou a seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 12:03	Páxina 7 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A243-C7A7ED-E13342-7HU88K-4LB6X3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e produción das carrozas escenario municipais para a Cabalgata de Reis 2021 (8.625-335) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	CARROFESTA, S.L.	89,91
2	IÑAKI BECERRA, S.L.	76,00
3	LA FIESTA ESCÉNICA, S.L.	66,50

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARROFESTA, S.L. (B-32.475.972), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARROFESTA, S.L., o día 4 de decembro de 2020, que presenta a documentación requirida o 10 de decembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 11 de decembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CARROFESTA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 12:03	Páxina 8 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A243-C7A7ED-E13342-7HU88K-4LB6X3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CARROFESTA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 3 e 4 de decembro de 2020, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CARROFESTA, S.L. (B-32.475.972) o procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e produción das carrozas escenario municipais para a Cabalgata de Reis 2021 (8.625-335) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 60.379'00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.479'00 euros.
- b) Inclúe na oferta a cubrición e decoración artística das cabezas tractoras con bosquexo.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

c) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos do servizo de supervisión e apoio loxístico fronte ao COVID 19 no ámbito da programación do Nadal 2020-2021 (7.486-106)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 12:03	Páxina 9 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A243-C7A7ED-E13342-7HU88K-4LB6X3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación de servizos do servizo de supervisión e apoio loxístico fronte ao COVID 19 no ámbito da programación do Nadal 2020-2021 (7.486-106)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 12 de novembro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado tramitación urxente de servizos do servizo de supervisión e apoio loxístico fronte ao Covid 19 no ámbito da Programación do Nadal 2020-2021, segundo as condicións aprobadas no referido prego de prescricións técnicas particulares de data 11/11/2020, así como aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 11/11/2020.

SEGUNDO.- - Autorizar o gasto de 41.034,50 euros (o importe sen IVE é de 33.912,81 €; o IVE do 21% é de 7.121,69 euros); dos cales 33.143,25 euros corresponden á anualidade 2020 con cargo á partida orzamentaria 4310.2279901 (PROGRAMA DE DECORACIÓN E ANIMACIÓN DO NADAL) e 7.891,25 euros con cargo á anualidade 2021.

TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto simplificado e tramitación urxente conforme ao previsto na LCSP".

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 9 de decembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos do servizo de supervisión e apoio loxístico fronte ao COVID-19 no ámbito da programación do Nadal 2020-2021 (7.486-106) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	ESCENA SONORA PRODUCCIÓN CULTURAL, S.L.	65.49
2	TRISQUEL SERVICIOS AUXILIARES, S.L.U.	60.00
3	MENKEPEER NORTE, S.L.	59.52
4	EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U.	49.41



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 12:03	Páxina 10 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A243-C7A7ED-E13342-7HU88K-4LB6X3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



	<i>Licitador</i>	<i>Puntuación total</i>
5	SILICIA SERVICIOS INTEGRALES, S.L.	0.00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESCENA SONORA PRODUCCIÓN CULTURAL, S.L. (B-32.487.191), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación, ao non estar inscrito nun rexistro de contratistas:

- a) A documentación esixida na cláusula 8.5 do PCAP: declaración de non estar incurso en ningunha das prohibicións de contratar enumeradas no artigo 71 da LCSP, documentos acreditativos da personalidade xurídica, documentos acreditativos da representación, acreditación da solvencia e habilitación profesional.
- b) A documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP:
 - Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
 - Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
 - Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV".

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESCENA SONORA PRODUCCIÓN CULTURAL, S.L., o día 9 de decembro de 2020, que presenta a documentación requirida os días 10 e 11 de decembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 11 de decembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ESCENA SONORA PRODUCCIÓN CULTURAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 12:03	Páxina 11 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A243-C7A7ED-E13342-7HU88K-4LB6X3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ESCENA SONORA PRODUCCIÓN CULTURAL, S.L., de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor de data 9 de decembro de 2020.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a ESCENA SONORA PRODUCCIÓN CULTURAL, S.L. (B-32.487.191) o procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos do servizo de supervisión e apoio loxístico fronte ao COVID 19 no ámbito da programación do Nadal 2020-2021 (7.486-106) por un prezo total de 41.034,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.121,69, cunha porcentaxe única de redución dos prezos unitarios recollidos no apartado 3.G da FEC e do importe dos custos fixos recollido no apartado 3.A da FEC do 7 % e coas seguintes condicións:

- *Comprométese a por a disposición do servizo 10 horas laborais diúrnas sen custo para a Administración.*
- *Comprométese a por a disposición do servizo 10 horas festivas diúrnas sen custo para a Administración.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

d) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de formación específica do programa integrado para o emprego do Concello de Vigo 2019/20 (16.940-77) (lote 1)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitadores clasificados neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 12:03	Páxina 12 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A243-C7A7ED-E13342-7HU88K-4LB6X3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



- e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
 - Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
 - Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de formación específica do programa integrado para o emprego do Concello de Vigo 2019/20 (16.940-77)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 17 de setembro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

1º. Aprobar o expediente de contratación (77) por procedemento aberto simplificado do SERVIZO DE FORMACIÓN ESPECÍFICA DO PROGRAMA INTEGRADO PARA O EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO 2019/20

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 17 de agosto de 2020, e o prego de cláusulas administrativas particulares, de 18 de agosto de 2020, que rexerán a contratación do SERVIZO DE FORMACIÓN ESPECÍFICA DO PROGRAMA INTEGRADO PARA O EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO 2019/20 .

3º.- Aprobar o gasto de 21.300,00 € para a contratación do SERVIZO DE FORMACIÓN ESPECÍFICA DO PROGRAMA INTEGRADO PARA O EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO 2019/20 , con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2279918 "FORMACIÓN PIE CONCELLO 19/20", do vixente orzamento do concello de vigo do ano 2020.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida".

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 4 de novembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de formación específica do programa integrado para o emprego do Concello de Vigo 2019/20 (16.940-77) na seguinte orde descendente:

- Lote I: ACTIVIDADES AUXILIARES DE ALMACÉN (COML0110)

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	FOROX INNOVACIÓN, S.L.	74,00
2	ASOCIACION EMPRESARIAL DE TRANSPORTES DE MERCANCÍAS POR CARRETERA (APETAMPCOR)	40,93



- Lote II: ACCIÓNS FORMATIVAS MODALIDADE TELEFORMACIÓN

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	FOROX INNOVACIÓN, S.L.	74,00

- Lote III: CARRETILLERO

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	FOROX INNOVACIÓN, S.L.	74,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos tres lotes deste procedemento, FOROX INNOVACIÓN, S.L. (B-27.742.014), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Sector Público:

- Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
- Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- Acreditación da solvencia económica e técnica e da habilitación profesional esixida no apartado 5 das FEC.
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais aos cales se comprometeu na súa oferta, conforme ao modelo incluído no Anexo II”.

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, FOROX INNOVACIÓN, S.L., o día 5 de novembro de 2020, que presenta a documentación requirida 16 de novembro, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación revisou a documentación presentada na sesión do 19 de novembro de 2020 e acordou conceder un prazo de 3 días para que puidese emendar a acreditación da solvencia técnica.

O 25 e 26 de novembro, o licitador presentou documentación.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 27 de novembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

Quinto.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 3 de decembro de 2020 adoptou o seguinte acordo:

"Adxudicar a FOROX INNOVACIÓN, S.L. (B-27.742.014) os 3 lotes do procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de formación específica do programa integrado para o emprego do Concello de Vigo 2019/20 (16.940-77) coas seguintes condicións:

- Lote I: ACTIVIDADES AUXILIARES DE ALMACÉN (COML0110)

- O prezo total do lote é de 15.750,00 euros (exento de IVE) cunha porcentaxe de redución do 20% a aplicar ao prezo unitario para actividades auxiliares de almacén previsto no apartado 3.G do Anexo I -FEC-.*
- Acredita que o persoal adscrito á execución do contrato ten unha experiencia nos últimos cinco anos de 2 anos de experiencia docente en ocupacións relacionadas coas actividades auxiliares de almacén.*

- Lote II: ACCIÓNS FORMATIVAS MODALIDADE TELEFORMACIÓN

- O prezo total do lote é de 2.850 euros (exento de IVE) cunha porcentaxe de redución do 2,63% a aplicar aos prezos unitarios para accións formativas modalidade teleformación previstos no apartado 3.G do Anexo I -FEC-.*
- Acredita que o persoal adscrito á execución do contrato ten realizado nos últimos tres anos de 2 cursos de mais de 20 horas relacionado coas accións formativas modalidade teleformación.*
- Acredita que o persoal adscrito á execución do contrato ten unha experiencia nos últimos cinco anos:*
 - 5 anos de experiencia docente en ocupacións relacionadas coas accións formativas modalidade teleformación.*
 - 1 ano de experiencia profesional en ocupacións relacionadas coas accións formativas modalidade teleformación.*

- Lote III: CARRETILLERO

- O prezo total do lote é de 2.700,00 euros cunha porcentaxe de redución do 3,7% a aplicar ao prezo unitario para as accións formativas de manexo de medios mecánicos (carretilleiro) previsto no apartado 3.G do Anexo I -FEC-.*
- Acredita que o persoal adscrito á execución do contrato ten unha experiencia nos últimos cinco anos de 5 anos de experiencia docente en ocupacións*



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 30/04/2024 12:03

Páxina 15 de 18

ACTAS PERFIL CONTRATANTE

CSV: A3A243-C7A7ED-E13342-7HU88K-4LB6X3-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

relacionadas coas accións formativas de manexo de medios mecánicos (carretilleiro).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Este acordo foi notificado ao adxudicatario dos 3 lotes o 3 de decembro de 2020.

Sexto.- Con data do 3 de decembro de 2020 a responsable do contrato, ao abeiro da obriga do adxudicatario recollida no apartado 16b do Anexo I -FEC- do PCAP, requiriu a FOROX INNOVACIÓN, S.L. a presentación da documentación acreditativa de dispor dos medios materiais e persoais homologados e/ou reunir as condicións establecidas na normativa que lles sexa de aplicación para impartir na modalidade de teleformación o LOTE I ACTIVIDADES AUXILIARES DE ALMACÉN (COML0110) a fin de poder asinar o contrato, concedéndolle un prazo máximo de 24 horas.

Sétimo.- O 7 de decembro de 2020 a responsable do contrato emite informe no que se indica:

"[...] Oitavo.- Na data de emisión do presente informe, transcorrido o prazo outorgado na notificación practicada referida no parágrafo anterior, non se ten recibido a documentación requirida.

De acordo co anterior e, unha vez transcorrido o prazo outorgado a través da notificación practicada co nº de saída 78845 sen que por parte da entidade adxudicataria se teña atendido o devandito requirimento, non resulta procedente formalizar o presente contrato correspondente ao LOTE I ACTIVIDADES AUXILIARES DE ALMACÉN (COML0110), por canto a entidade non acredita posuir a acreditación esixida para poder impartir a dita formación na modalidade de teleformación, que constitúe o obxecto do dito contrato”.

Oitavo.- Con data do 10 de decembro de 2020 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

1º.- Decidir non formalizar o lote 1 ACTIVIDADES AUXILIARES DE ALMACÉN (COML0110) do contrato do servizo de formación específica do programa integrado para o emprego do Concello de Vigo 2019/20, adxudicado en data 3 de decembro de 2020 a FOROX INNOVACIÓN, S.L., por non estar homologado para impartir a formación na modalidade de teleformación, conforme ó establecido na Orde Ess/1897/2013.

2º.- Dar trámite de audiencia, por prazo de dez días hábiles, a FOROX INNOVACIÓN, S.L., sobre a imposición unha penalidade do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, por importe de 472,50 euros, que farase efectiva sobre a garantía definitiva de 787,50 euros constituída mediante transferencia bancaria o 16 de novembro de 2020.

3º.- Notificar este acordo a ASOCIACION EMPRESARIAL DE TRANSPORTES DE MERCANCÍAS POR CARRETERA (APETAMPCOR), e requirirlle para que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 12:03	Páxina 16 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A243-C7A7ED-E13342-7HU88K-4LB6X3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



presente a documentación relacionada no artigo 150.2 da LCSP e na cláusula 22.1 do PCAP, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento.

4º.- Publicar este acordo no perfil de contratante."

Este acordo foi notificado ao segundo clasificado no lote 1, ASOCIACION EMPRESARIAL DE TRANSPORTES DE MERCANCÍAS POR CARRETERA (APETAMPCOR), o 11 de decembro de 2020, que presenta a documentación requirida o mesmo día, dentro do prazo concedido.

Noveno.- A Mesa de Contratación na sesión do 11 de decembro de 2020 revisou a documentación presentada pola ASOCIACION EMPRESARIAL DE TRANSPORTES DE MERCANCÍAS POR CARRETERA (APETAMPCOR) sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do lote 1 deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en segundo lugar no lote 1, ASOCIACION EMPRESARIAL DE TRANSPORTES DE MERCANCÍAS POR CARRETERA (APETAMPCOR), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A segunda oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada pola ASOCIACION EMPRESARIAL DE TRANSPORTES DE MERCANCÍAS POR CARRETERA (APETAMPCOR), de conformidade cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmulas de datas 16 de 29 de outubro de 2020, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 12:03	Páxina 17 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A243-C7A7ED-E13342-7HU88K-4LB6X3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a ASOCIACION EMPRESARIAL DE TRANSPORTES DE MERCANCÍAS POR CARRETERA (APETAMPCOR) (G-32.026.056) o lote 1 "ACTIVIDADES AUXILIARES DE ALMACÉN (COML0110)" do procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de formación específica do programa integrado para o emprego do Concello de Vigo 2019/20 (16.940-77) coas seguintes condicións:

- O prezo total do lote é de 15.750,00 euros (exento de IVE) cunha porcentaxe de redución do 4,8% a aplicar ao prezo unitario para actividades auxiliares de almacén previsto no apartado 3.G do Anexo I - FEC-.*
- Acredita que o persoal adscrito á execución do contrato ten unha experiencia nos últimos tres anos de 5 cursos de máis de 20 horas relacionado coas actividades auxiliares de almacén.*
- Acredita que o persoal adscrito á execución do contrato ten unha experiencia nos últimos cinco anos de 3,5 anos de experiencia docente en ocupacións relacionadas coas actividades auxiliares de almacén.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

14.- Dar conta da interposición de recursos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (3.275-611)

Dáse conta do recurso especial en materia de contratación interposto por D^a. María del Pilar Aledo Martínez, en nome e representación de INTEGRA MANTEMENTO XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO-GALICIA S.L. con data do 4 de decembro de 2020 contra o acordo de adxudicación deste procedemento.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:15 horas, logo dun receso de 02:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 12:03	Páxina 18 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A243-C7A7ED-E13342-7HU88K-4LB6X3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		